

CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, A AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE, E O INSTITUTO DE SAÚDE CARLOS III, O.A., M.P. PARA O MANTEMENTO DO CENTRO ESPAÑOL PARA OS CIDADADOS DE SAÚDE BASEADOS NA EVIDENCIA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Axencia para a Xestión do Coñecemento en Saúde asinaron o 28.02.2023 co Instituto de Saúde Carlos III O.A., M.P. (en diante, ISCIII) o convenio arriba referido. O convenio ten unha duración de 4 anos, podendo prorrogarse polo mesmo período por acordo expreso das partes. Ten efectos desde a súa inscrición, no prazo de cinco días hábiles desde a súa formalización, no Rexistro estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación e foi publicado no Boletín Oficial do Estado (BOE) núm. 60 do 11.03.2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as liñas de colaboración entre a Comunidade Autónoma de Galicia e o ISCIII, a través de Investén-ISCIII, para regular a participación de ambos no proxecto CECBE, e o funcionamento do devandito proxecto, do que forman parte diferentes Comunidades Autónomas, para o desenvolvemento da práctica clínica de enfermmería baseada na evidencia, o desenvolvemento das actividades de investigación, formación e asesoramento que se deriven durante o período de vixencia do convenio.

Que o convenio fundaméntase no seguinte:

O Decreto 137/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, configúrao como un organismo autónomo de natureza administrativa para o desenvolvemento das competencias que no ámbito sanitario lle correspondan á Comunidade Autónoma de Galicia. A Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde incorporan como un dos elementos fundamentais da súa actividade a investigación e innovación biosanitaria e establecen como unha das súas liñas estratéxicas a promoción da investigación.

A Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (en adiante ACIS), creada polo Decreto 112/2015, adscrita á Consellería de Sanidade a través do Servizo Galego de Saúde é un axencia pública autonómica que se encadra dentro das entidades públicas instrumentais reguladas no título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, que ten entre os seus fins xerais e obxectivos básicos actuar, en réxime de descentralización funcional, o fomento e a coordinación da investigación nas institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde e a coordinación e o impulso da actividade innovadora da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde.

O Centro Español para os Coidados de Saúde Baseados na Evidencia (en diante CECBE), é un proxecto de investigación conveniado coa Universidade de Adelaida e liderado polo ISCIII cuxo obxecto é promover e apoiar as prácticas clínicas en enfermaría baseadas na evidencia e desenvolver unha estratexia de fomento e coordinación da investigación en enfermaría a nivel nacional; a Investigadora Principal do proxecto CECBE é, así mesmo, a Directora do CECBE. A este proxecto téñense adherido diferentes Comunidades Autónomas (CCAA) mediante a sinatura de convenios co ISCIII.

O CECBE ten a súa sede no ISCIII, concretamente na unidade de investigación en Coidados de Saúde (Investén-ISCIII) que, ademais, exerce como órgano coordinador do proxecto.

En outubro de 2019 asinouse un convenio de colaboración entre o ISCIII e a Comunidade Autónoma de Galicia co obxecto de establecer as liñas de colaboración entre a Comunidade Autónoma e o ISCIII, para regular o funcionamento do CECBE, para o desenvolvemento da práctica clínica en enfermaría baseada na evidencia, e o desenvolvemento das actividades de investigación, formación e asesoramento derivadas durante o período 2019-2022. Ao rematar o dito período foi necesario tramitar e asinar un novo convenio.

As vantaxes para a investigación en enfermaría na nosa comunidade, ao vincularse ao CECBE como Centro Colaborador son, entre outras:

- A identificación daquelas áreas nas que a enfermaría teña necesidade de aplicar a práctica clínica baseada na evidencia, homoxeneizala a nivel estatal, coordinándose entre si nun proxecto común que redunda nunha maior cohesión do Sistema Nacional de Saúde e polo tanto nunha maior calidade de atención ao paciente.
- Facilitar revisións sistemáticas de investigadores internacionais a todos os membros colaboradores, e participar nelas tras recibir formación específica.
- Diseñar, promover e impartir cursos nos diferentes aspectos da práctica clínica baseada na evidencia a persoal de enfermaría con labores asistenciais, investigadores, xestores e docentes.
- A acreditación polo JBI de profesionais para liderar revisións sistemáticas no ámbito dos coidados en saúde.
- A creación dunha rede nacional de Centros Comprometidos coa Excelencia en Coidados, coa primeira convocatoria do Proxecto de Implantación de Guías de Boas Prácticas e o seu desenvolvemento.
- A tradución de material científico do Instituto Joanna Briggs e a súa libre distribución e difusión en español a todos os profesionais do Sistema Nacional de Saúde.



- Manter o liderado dentro da estratexia posta en marcha polo Instituto de Salud Carlos III para a promoción e desenvolvemento da investigación en enfermaría, no ámbito nacional e internacional.
- O recoñecemento público de ser membro colaborador do CECBE, ter acceso aos recursos e a todas as publicacións do Instituto Joanna Briggs (JBI).

Ante a evolución positiva deste proxecto, considerouse de interese para a investigación en enfermaría na nosa comunidade autónoma a continuidade como parte integrante do Centro Colaborador Español.

Para os efectos de cumprimento deste convenio, a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde encomendaron á Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS) o desenvolvemento das actividades previstas para o cumprimento dos compromisos adquiridos.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non podían satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago,

